


FOLLA DE PREVENCIÓN

CONXUGAR SAÚDE LABORAL E SAÚDE PÚBLICA EN TEMPOS DE PANDEMIA



U
Ni
DADE

DE REFERENCIA
COVID.19 - ISSGA

XUNTA DE GALICIA



DE REFERENCIA COVID.19 - ISSGA



Edita: ISSGA
Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia

Autoría: Unidade de Referencia COVID-19 do ISSGA

Lucía Ferrón Vidán
Myriam Garabito Cociña
M^a Nieves Lorenzo Espeso
M^a Encarnación Sousa Rodríguez

ISSN 2254-9102

Nº 51
Febreiro 2021
issga.xunta.gal

ISSGA
INSTITUTO DE SEGURIDADE
E SAÚDE LABORAL DE GALICIA



CONXUGAR SAÚDE LABORAL E SAÚDE PÚBLICA EN TEMPOS DE PANDEMIA

- A pandemia e a súa evolución	4
- Como xorde a unidade de referencia COVID-19 e con que obxectivos?.....	6
- Que actuacións leva a cabo a unidade?	7
- Balance da xestión da pandemia no ámbito laboral	13
- Reflexións e mensaxes clave para o futuro da prevención de riscos laborais	19
- Bibliografía	21
- Normativa aplicable	22

A PANDEMIA E A SÚA EVOLUCIÓN

O 30 de xaneiro de 2020 a Organización Mundial da Saúde declarou a situación de **“emerxencia de saúde pública de importancia internacional”** e o 11 de marzo de 2020 declarou a COVID-19 como pandemia a nivel mundial asumindo a propagación a nivel mundial dunha nova enfermidade para a cal a poboación non ten inmunidade.

En España, o 14 de marzo, o Consello de Ministros aprobou o Real Decreto 463/2020 polo que se declaraba o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

Dende entón a situación de emerxencia de saúde pública evolucionou, tanto a nivel nacional como mundial, con enorme rapidez. Enfrontámonos a unha crise sanitaria sen precedentes e dunha extraordinaria amplitude e gravidade, tanto polo extraordinario risco de contaxio e o alto número de cidadáns afectados, coa consecuente presión sobre o sistema sanitario, como polo elevado custo social e económico derivado das medidas extraordinarias de contención e distanciamento adoptadas polos distintos Estados.

Co fin de garantir a eficaz xestión da devandita emerxencia sanitaria, conter a propagación da enfermidade e preservar e garantir a resposta do Sistema Nacional de Saúde, o Goberno solicitou do Congreso dos Deputados autorización para prorrogar ata en seis ocasións o estado de alarma o que se fixo, de maneira sucesiva, ata as 00:00 horas do 21 de xuño de 2020.

O levantamento dese estado de alarma, non obstante, non puxo fin á crise sanitaria, polo que foi necesario seguir adoptando medidas ao abeiro do Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e tamén ao abeiro das medidas de prevención que foron adoptando as CCAA e que en concreto en Galicia supuxeron a continuación do mantemento da declaración de situación de emerxencia sanitaria (Resolución do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19).

A situación epidemiolóxica levou de novo á necesidade da declaración do estado de alarma en España para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro. Este Real decreto habilitou aos presidentes das CCAA para limitar a entrada e saída de persoas no territorio de cada comunidade autónoma, así como para establecer limitacións da permanencia de persoas en espazos de uso público ou privado. O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga de este novo estado de alarma ata o 9 de maio de 2021.

Evidentemente, as necesarias medidas de contención adoptadas tiveron e están a ter un impacto económico e social moi relevante, xa que supoñen a redución da actividade económica e social de forma temporal, restrinxindo a mobilidade e paralizando a actividade en numerosos ámbitos; coas consecuentes perdas de rendas para traballadores e fogares, así como para as diferentes empresas e sectores da economía galega. Por iso, desde un primeiro momento, viñéronse adoptando medidas económicas e sociais procurando garantir a protección de familias, persoas traballadoras e colectivos vulnerables.

En Galicia ao abeiro do marco normativo do estado de alarma fóronse ditando diferentes decretos co fin de adoptar medidas na comunidade autónoma: Decreto 179/2020, do 4 de novembro, Decreto 202/2020, do 3 de decembro, Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro, e Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, vixente na actualidade. As medidas contidas no Decreto 31/2021 complementáanse coas da Orde da Consellería de Sanidade do 25 de febreiro de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

En todo o non previsto no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, no Decreto 31/2021, do 26 de xaneiro, e na Orde do 25 de febreiro de 2021 e no que sexa compatible con estas disposicións, aplicarase o disposto na Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade (DOG 13 xuño 2020, núm. 115) na súa redacción vixente.



CONTEXTO INICIAL E PRIMEIRAS ACTUACIÓNS

A irrupción de forma precipitada e inesperada deste grave problema de saúde pública provocou nun primeiro momento a paralización de boa parte da actividade laboral quedando esta limitada ás actividades esenciais ou ben á posibilidade de seguir desenvolvendo o traballo a distancia, xa que a ferramenta máis eficaz para atallar a transmisión dunha infección que se contaxia fundamentalmente polo contacto entre persoas é o illamento ou distanciamento social, podemos dicir que en conflito directo coa actividade social e económica e coa propia condición humana.

Nun primeiro momento xorde, por parte das persoas e organizacións que teñen que seguir desenvolvendo a súa actividade, un enorme descoñecemento de como poder protexerse no traballo, unido á inseguridade e o medo á enfermidade e unha ausencia de orientacións que puidesen servir de referencia para desenvolver as diferentes actividades minimizando o risco de contaxio.

Neste contexto o Issga como órgano técnico de referencia especializado en materia de prevención de riscos laborais, marcouse como actuación prioritaria dar resposta, en especial ás pequenas e medianas empresas (PEMES) e ao emprego autónomo, e dedicou boa parte dos seus recursos a este cometido.

Dende o primeiro momento na nosa folla de ruta estivo presente:

- **Ofrecer apoio e asesoramento aos sectores e colectivos máis afectados**, mediante a elaboración de guías e recomendacións

preventivas e procurando a participación dos axentes sociais.

- **Asesorar as unidades directivas da Xunta de Galicia** na elaboración de protocolos tanto para o mantemento da actividade económica nos sectores máis afectados como para a actividade da propia administración e o seu persoal.
- **Dar resposta ao importante volume de consultas recibidas** realizadas por persoas traballadoras, empresas, organizacións profesionais, administracións, organizacións sindicais e empresariais, e tamén polos servizos de prevención de riscos laborais.
- **A necesaria coordinación coa autoridade sanitaria.**

Tamén foi unha prioridade desenvolver estas actuacións de maneira áxil, e proporcionando información clara e práctica sen perder rigor científico-técnico. Todo isto especialmente importante nun momento sen precedentes:

- **De demanda de información** sobre as medidas preventivas necesarias para minimizar o risco de transmisión da COVID-19 no traballo.
- **De avalancha de información carente de rigor** que foi necesario desdicir ou precisar.
- **De escaseza de medios de protección**, sobre todo máscaras tanto cirúrxicas como FFP2.

COMO XORDE A UNIDADE DE REFERENCIA COVID-19 E CON QUE OBXECTIVOS?



Neste contexto e para dar resposta á demanda formulada por parte dos axentes sociais e o tecido empresarial galego e pola sociedade en xeral **creouse a unidade de referencia COVID-19** ao abeiro da previsión recollida nos estatutos do Issga aprobados polo Decreto 165/2014, do 11 de decembro, que contempla a posibilidade de crear outras unidades de referencia nas distintas disciplinas preventivas de considerarse necesario, co obxecto de optimizar os recursos existentes e debido ás demandas en seguridade e saúde laboral.

A unidade de referencia COVID-19 créase así pola disposición derradeira primeira do Decreto 215/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade. Esta unidade constitúese como órgano de carácter transitorio a través do que se canalizarán e difundirán as actuacións do Issga para afrontar a emerxencia sanitaria derivada da COVID-19, e ten como **obxectivo asesorar tecnicamente e dar apoio no eido da prevención de riscos laborais por mor da pandemia en Galicia.**

Confórmase basicamente abrangendo as áreas técnicas de Hixiene Industrial e Medicina do Traballo, máis directamente implicadas nas demandas provocadas pola emerxencia sanitaria na contorna laboral, pero sen excluír o necesario apoio das áreas de Ergonomía e Psicosocioloxía aplicadas, Seguridade no Traballo e Formación, Divulgación e Documentación.

Trátase dunha unidade interna do Issga pero tamén ten en conta a necesaria coordinación coa autoridade sanitaria, e pretende ser referencia para os distintos actores de prevención no ámbito laboral e dar apoio ás solicitudes en materia de prevención de riscos laborais (PRL) que se formulen polas distintas unidades directivas da Xunta de Galicia.

Os beneficiarios desta unidade, ademais dos interlocutores sociais, serán o servizo de prevención de riscos laborais, as asociacións profesionais, as empresas, o emprego autónomo e as administracións públicas.

QUE ACTUACIÓNS LEVA A CABO A UNIDADE?

PRINCIPAIS FUNCIÓNS

Dun xeito non exhaustivo estas son as principais funcións e actuacións fronte a COVID-19 no ámbito laboral asignadas a esta unidade:

- **Prestar asistencia técnica**, que require un alto nivel de especialización en materia de prevención de riscos e especialmente nas disciplinas preventivas da Hixiene Industrial e da Medicina do Traballo.
- **Elaborar ou colaborar na redacción de documentación técnica** sobre as medidas e medios de protección adecuados para minimizar o risco de transmisión na contorna laboral.
- **Deseñar e divulgar ferramentas** para facilitar o cumprimento das medidas preventivas fronte á COVID-19 nos centros de traballo.
- **Establecer unha liña de resposta** para as consultas técnicas relacionadas coas medidas e medios de protección fronte á COVID-19.
- **Divulgar as medidas preventivas** que se deben implantar mediante campañas de sensibilización.
- **Difundir o traballo da unidade** a profesionais da prevención de riscos laborais e centros de traballo contando coas asociacións profesionais do eido da prevención de riscos laborais.
- **Asesorar sobre a normativa ditada** para facer fronte á crise sanitaria no relativo ao ámbito laboral e sobre as directrices e recomendacións emitidas polas administracións competentes e institucións.
- **Realizar informes de verificación da documentación** que acompaña os medios de protección utilizados fronte á COVID-19.
- A unidade de referencia **deberá ademais permitir**:
 - Proporcionar criterios técnicos ás entidades constituídas como servizos de prevención de riscos laborais, que lles permitan mellorar os servizos prestados ás empresas e ao seu persoal traballador.
 - Servir de canle de comunicación coa autoridade sanitaria galega co fin de dar unha resposta coordinada ás demandas procedentes do ámbito laboral.
 - Estudar e formular propostas coas partes implicadas para un mellor encadre e presenza da saúde laboral na saúde pública.
 - Ser a canle para as demandas dos interlocutores sociais no centro de traballo ou na contorna laboral.

ACTUACIÓN REALIZADAS

Deseguido descríbense as actuación máis relevantes levadas a cabo e os obxectivos perseguidos.

DOCUMENTACIÓN TÉCNICA

Trátase de recomendacións preventivas de saúde laboral ante o coronavirus con directrices básicas dirixidas á contorna laboral e para diversos sectores e actividades, así como as correspondentes versións actualizadas en función da evolución da situación epidemiolóxica, sempre respectando as indicacións das autoridades sanitarias e de acordo coa normativa aplicable en cada momento.

Na confección desta documentación sempre se tivo presente o rigor técnico e a evidencia científica, recorrendo ás fontes de información oficiais e de organismos de referencia nas diferentes materias tanto a nivel nacional como internacional. Tamén se tivo especial coidado en facelo en diferentes formatos (guías, carteis e folletos) que expuxesen de xeito claro e sintético as medidas co fin de chegar as principais mensaxes tanto a empresas e profesionais da prevención como o persoal traballador, usuarios e clientela, cando fose o caso.

No tocante ao contido cómpre indicar que sempre se fai un percorrido polas medidas por adoptar antes do inicio da actividade, as medidas para garantir a distancia de seguridade interpersoal, as de hixiene e limpeza e as organizativas, sen esquecer nunca as referencias ao uso correcto da máscara, á importancia da ventilación e á necesidade de pautas de actuación ante unha sospeita de COVID-19 no lugar de traballo.

Nun primeiro momento confeccionouse unha guía xenérica e tamén documentación para aquelas actividades consideradas esenciais como as tendas de alimentación, supermercados, gasolinerías, servizos de axuda no fogar e empregadas do fogar, atención a chamadas telefónicas, tinturarias e farmacias.

Posteriormente e unha vez que se foron reiniciando as actividades económicas e sociais, **a elaboración de documentación estendeuse a outros sectores e actividades** co obxecto evitar os contaxios e así garantir tamén a súa continuidade, como os que se detallan a continuación:

- Industria extractiva, áridos e lousa, industria da automoción e do naval, industria manufacturera.
- Sector da construción e sector forestal.
- Salóns de peiteado.
- Comercio, mercados de venda non sedentaria e recintos feriais.
- Centros especiais de emprego.
- Oficinas e oficinas de emprego.
- Marisqueo a pé e desde embarcación, redeiras e extracción de recursos específicos.

- Sector do taxi e transporte compartido.
- Obras de rehabilitación, reformas e reparacións en edificacións.
- Servizos e producións de eventos e espectáculos e gravacións de contidos audiovisuais.
- Xuntas de comunidades de propietarios.
- Cerimonias nupciais e outras celebracións relixiosas ou civís e canto coral.
- Atraccións de feira.

Unha parte importante desta documentación realizouse en resposta ás peticións das Consellerías competentes nas diferentes materias (pesca e marisqueo, transportes e mobilidade, emprego, industria, cultura, vivenda) e asociacións profesionais. Deuse igualmente resposta a aquelas peticións que transcendían o ámbito laboral e que precisaban igualmente información contrastada e adaptada ás súas peculiaridades para poder levar a cabo a actividade minimizando os riscos para a saúde nun momento de incerteza e de necesidade de información. Considerouse ademais como unha oportunidade para poñer de manifesto a importancia da cultura preventiva na sociedade en xeral.



FERRAMENTAS PARA O CUMPRIMENTO DAS MEDIDAS PREVENTIVAS

Ademais de recoller as principais medidas na documentación nomeada considerouse importante facilitar instrumentos para implantalas nos centros de traballo e aclarar conceptos técnicos e as dúbidas máis frecuentes formuladas. Deseguido detállanse as ferramentas e descríbense brevemente.

- Guía básica Issga para a elaboración do Plan de Continxencia.

Agúa recolle orientacións prácticas que as empresas elaboren un Plan de Continxencia que sirva como instrumento de xestión para planificar a adopción das medidas necesarias e para asegurar tanto a protección da saúde do persoal traballador e das persoas usuarias, como o mantemento da actividade da empresa.

- Chaves para a prevención da COVID-19 na túa empresa.

Información especialmente destinada para pemes, micropemes e persoas traballadoras autónomas que responde ás principais dúbidas sobre como actuar de xeito áxil ante un posible contaxio nun centro de traballo e tamén contén medidas para a separación física con anteparos ou pantallas faciais, uso correcto da máscara, uso de luvas, ventilación e tratamentos de desinfección.

Responde a 23 preguntas identificadas e seleccionadas pola súa relevancia e reiteración nas consultas recibidas no Issga e complementábase cunha versión curta publicada no folleto "7 Chaves para a prevención da COVID-19 na túa empresa".

- Documentos de preguntas frecuentes: Comercio e Salóns de peiteado.

Dan resposta de maneira sinxela e resumida ás dúbidas que reiteradamente se recibían por parte destes colectivos.

- Criterios técnicos interpretativos sobre:

.Medidas para minimizar o risco de transmisión do SARS-CoV-2 por aerosóis.

.Tratamentos de desinfección en locais comerciais e outras estancias en relación ao coronavirus.

.Uso da máscara.

.Reinicio de obras de reparación e reforma nas fases da desescalada.

Todos eles centráronse en precisar e aclarar aqueles aspectos técnicos contemplados na normativa que xeraron maior confusión respecto ás medidas a implantar nos centros de traballo.

- Colaboración co Programa Comercio Seguro Galicia.

Trátase dun programa impulsado pola Xunta de Galicia para a reactivación do comercio galego. Permite aos comercios e ás pequenas empresas analizar o nivel de preparación preventiva fronte á crise sanitaria cunha sinxela autoavaliación que de cumprir uns requisitos mínimos, permite obter un distintivo físico de adhesión ao programa que xere confianza na clientela. A colaboración consistiu na elaboración de preguntas e revisión dos cuestionarios de autoavaliación, das condicións de adhesión ao programa así como a achega de documentación de apoio e revisión da plataforma web e dos informes tipo emitidos dende a plataforma.



ASESORAMENTO TÉCNICO ESPECIALIZADO

Respondeu as peticións das consellerías competentes nas diferentes materias (emprego, economía, industria, cultura, ambiente), asociacións profesionais e axentes sociais que buscaban un asesoramento especializado e adaptado a diferentes sectores para desenvolver a actividade minimizando os riscos para a saúde. Tivo especial relevancia tamén o asesoramento sobre os requisitos que deben cumprir os medios de protección no contexto da súa escaseza.

Comité de Fabricación de Emerxencia Sanitaria.

Xorde para dar resposta dende a Xunta de Galicia ao desabastecemento de EPI e outros materiais de protección fronte á COVID -19 e ante as propostas do sector produtivo galego para reorientar as súas capacidades de fabricación a produtos para la loita contra a pandemia. As empresas que optaron ás axudas promovidas dende a administración galega de reorganización produtiva das pemes galegas para fabricar equipación sanitaria e para a fabricación de produtos relacionados coa COVID-19 (Inviste COVID-19), tamén tiveron que someter os seus proxectos á validación por este comité.

O Issga está representado neste comité coa función de asesorar tecnicamente sobre os requisitos dos produtos a fabricar e a subvencionar.

Revisión de protocolos para a reincorporación á actividade e asesoramento sobre as medidas a implantar a solicitude de diversos sectores e organizacións profesionais: eventos de tempada, protocolos para o sector da automoción, do metal, da madeira, de materiais para a construción, do libro, do audiovisual galego, do téxtil, organizacións de actores e actrices, de escena e de dobraxe, xornalistas, profesionais da arquitectura, da enxeñería, artesáns, escolas de danza, empresas de formación e para eventos en recintos de congresos e exposicións.

Empresas de certificación de sistemas de Seguridade Sanitaria fronte á COVID-19 en comercios e servizos sobre os aspectos a considerar para a obtención de certificacións.

Revisión dun total de 14 protocolos para a reincorporación á actividade na administración autonómica a solicitude de diferentes consellerías e servizos así como e asesoramento técnico sobre as medidas e normativa a ter en conta. Elaboración de protocolos de reincorporación e de criterios técnicos internos para o persoal do Issga en especial

nas actuacións comprobatorias das medidas de prevención e hixiene fronte á COVID-19 polo persoal técnico habilitado.

Axencia de Turismo de Galicia:

- Revisión dun total de 20 guías para a redución do contaxio polo SARS CoV-2 no sector turístico elaboradas polo Instituto para a Calidade Turística Española (ICTE).
- Participación na confección de 15 manuais e carteis de aplicación ante a COVID-19 para o sector turístico.
- Participacións nos webinarios organizados para difusión de manuais e resolución de dúbidas.
- Asesoramento técnico nas consultas do sector turístico.
- Revisión do Plan de continxencia fronte ao SARS-CoV-2 na rede pública de albergues do Camiño de Santiago.
- Revisión do protocolo do Centro Superior de Hostalería de Galicia.

Requisitos que deben cumprir os distintos tipos de máscaras de protección fronte á COVID-19 e verificación da documentación que debe acompañalas a diferentes consellerías e servizos da Xunta de Galicia.

Informes técnicos a solicitude de institucións sobre medidas e medios de protección e contido da formación específica COVID-19 en diversas actividades.

Información técnica e normativa a sectores concretos sobre as medidas adecuadas a implantar nas diferentes fases da pandemia en resposta ás demandas dos axentes sociais.

Asesoramento ao persoal autónomo mediante o convenio de colaboración asinado entre o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia e as Asociacións de autónomos que abrangue asesoramento técnico, información e sensibilización sobre as medidas preventivas fronte á COVID-19.

CONSULTAS

Tamén foi especialmente relevante o esforzo que se fixo para responder de maneira áxil e comprensible ás consultas recibidas a través dos teléfonos e correos electrónicos habilitados para as consultas desta temática.

A súa procedencia foi diversa abrangendo tanto a outras unidades da Xunta de Galicia, asociacións sectoriais, asociacións profesionais e empresas, como a persoal autónomo, persoal traballador e incluso a particulares.

Contestáronse máis de 800 con diferentes temáticas que foron evolucionando en función do momento da pandemia: medidas de prevención para actividades e colectivos específicos, medios de protección individual e colectiva (máscaras, pantallas faciais, pantallas de separación, luvas e batas), produtos para a hixiene, limpeza e desinfección (produtos autorizados e persoal que debe aplicalos, problemas dos equipos para a desinfección con ozono, luz UV...), ventilación e sistemas de purificación de aire, restricións normativas por sectores e actividades, entre outras.

- TEMÁTICAS CONSULTADAS -



MEDIDAS PREVENTIVAS
DIFERENTES ACTIVIDADES




MEDIOS DE PROTECCIÓN



PRODUTOS PARA A HIXIENE
LIMPEZA E DESINFECCIÓN



RESTRICIÓN
NORMATIVAS



VENTILACIÓN

BALANCE DA XESTIÓN DA PANDEMIA NO ÁMBITO LABORAL



O PAPEL DOS SERVIZOS DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

A crise sanitaria provocou a necesidade dunha resposta rápida a un problema de saúde pública trasladado ao ámbito laboral e supuxo abordar novos riscos, e integralos na xestión habitual da PRL e con rápidos cambios e adaptacións.

Todo isto fixo aflorar diferentes debilidades dos nosos sistemas de prevención de riscos laborais e dos diferentes actores responsables, pero tamén nos fixo ser conscientes do valor do coñecemento especializado e da experiencia en materia de PRL para dar resposta ao gran reto que se formulou, incluso mais alá da contorna laboral.

A intervención das empresas fronte á exposición ao SARS-CoV-2 a través dos servizos de prevención de riscos laborais (SPRL), está a ser crucial para adaptar a súa actividade ás recomendacións e medidas actualizadas de prevención, co obxectivo xeral de evitar a transmisión da enfermidade: medidas de carácter organizativo, de protección colectiva, de protección persoal, identificación e protección dos traballadores especialmente sensibles, estudo e manexo de casos e contactos ocorridos na empresa e colaboración na xestión da incapacidade temporal.

Para dar resposta á xestión da pandemia no ámbito laboral un dos primeiros protocolos elaborados foi o Procedemento de actuación para os servizos de prevención de riscos laborais fronte á exposición ao SARS-CoV-2, publicado polo Ministerio de Sanidade coa participación do Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo (INSST), Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS), Inspección de Traballo e Seguridade Social, sociedades científicas e asociacións de medicina e enfermaría do traballo e de SPRL, recoñecendo así a importancia da organización preventiva da empresa e atribuíndolle funcións específicas de resposta á crise sanitaria.

O procedemento establece:

A colaboración necesaria entre os Servizos de prevención de riscos laborais das empresas e a autoridade sanitaria para evitar a propagación do SARS-CoV-2 no ámbito laboral.



Os diferentes escenarios de exposición nos que se pode atopar o persoal traballador, en función da natureza das actividades e os mecanismos de transmisión do coronavirus.



Que as empresas, en base a estes escenarios e co asesoramento do seu SPRL, **deben avaliar o risco de exposición ao SARS-CoV-2** e establecer as medidas preventivas requiridas, tendo sempre en conta as indicacións das autoridades sanitarias.



Que cando se produzan cambios nas condicións de traballo como consecuencia da implantación das medidas preventivas ante a COVID-19, as empresas deberán **revisar a avaliación de riscos laborais e a planificación preventiva**.



Funcións específicas para o servizo sanitario do SPRL (Especialistas en Medicina e Enfermaría do Traballo) no contexto da pandemia:

- Xestión da vulnerabilidade do persoal traballador e do risco á infección por SARS-CoV-2: valorar a especial sensibilidade segundo os grupos de risco e emitir informe sobre as medidas de prevención, adaptación e protección.
- Detección precoz de todos os casos compatibles con COVID-19 e os seus contactos, para controlar a transmisión.
- Establecer os mecanismos para a detección, investigación e seguimento dos casos e contactos estreitos no ámbito das súas competencias, de forma coordinada coas autoridades de Saúde Pública.
- Investigar e analizar as causas dos gromos.
- Colaboración na xestión da incapacidade temporal (IT) mediante a elaboración dun informe que acredite a indicación da IT, co fin de facilitar aos facultativos de atención primaria, inspección médica e ao INSS a súa tramitación.
- Emitir informes para a valoración de continxencia profesional por COVID-19 para as entidades colaboradoras da Seguridade Social.



O PAPEL DAS DISCIPLINAS PREVENTIVAS NO CONTROL DA TRANSMISIÓN

A pandemia reforzou o papel da Hixiene Industrial, disciplina especializada na prevención e control dos riscos derivados da exposición a contaminantes físicos, químicos e biolóxicos no medio laboral, e está a poñer en valor as funcións que exercen os profesionais desta especialidade:



- Na selección de equipos e medios de protección adecuados** segundo o nivel de risco de exposición.
- No asesoramento na adquisición de produtos** seguros para a protección do persoal traballador, como máscaras, luvas, pantallas faciais e batas, nunha situación excepcional de desabastecemento, na que foi necesario recorrer a produtos doutros mercados e á fabricación propia por empresas non especializadas.
- Na elaboración de especificacións e documentación técnica** para definir os requisitos mínimos do material de protección que se utiliza fronte ao coronavirus e que principalmente vai dirixida a aquelas empresas que reorientaron a súa capacidade de fabricación a estes produtos.
- No asesoramento da selección e aplicación correcta e segura dos produtos e tratamentos** de desinfección e hixiene persoal.
- Na actualización continua dos coñecementos técnicos** en función das novas evidencias científicas e da normativa da autoridade sanitaria para a avaliación específica do risco de exposición ao SARS-CoV-2 e a adopción das medidas preventivas máis adecuadas.

Durante a pandemia aumentou a presenza social da **Medicina do Traballo**, que ata ese momento estaba circunscrita á vixilancia da saúde para a prevención de riscos laborais. Esta disciplina preventiva e os seus profesionais, especialistas en medicina e enfermaría do traballo, están a ser un dos piares das empresas:



- Sendo claves para a **abordaxe e control da transmisión do virus** entre a poboación traballadora e para a continuidade da actividade laboral.
- Participando activamente na **elaboración de protocolos e procedementos**, como é o caso do Procedemento de actuación para os servizos de prevención de riscos laborais fronte á exposición ao SARS-CoV-2.
- **Cooperando de maneira activa** con saúde pública, atención primaria, inspección médica, INSS e entidades colaboradoras coa Seguridade Social para desenvolver as funcións específicas que lle foron atribuídas.
- **Colaborando estreitamente cos responsables das empresas e representantes do persoal** traballador para facer fronte á crise sanitaria.

Por último, hai que destacar a **función das disciplinas preventivas de Seguridade no Traballo e de Ergonomía e Psicosocioloxía aplicada**, especialmente no relativo á identificación, avaliación e control dos riscos derivados do traballo a distancia e dos cambios provocados pola pandemia nas condicións de traballo.





RISCOS DERIVADOS DAS NOVAS CONDICIÓNIS DE TRABALLO ASOCIADAS Á PANDEMIA

Tanto a propia situación de crise sanitaria como a necesaria implantación de medidas para minimizar o risco de contaxio introduce novos riscos e situacións que é necesario abordar.

RISCOS DERIVADOS DAS MEDIDAS IMPLANTADAS NOS CENTROS DE TRABALLO

A xeneralización do traballo a distancia e máis concretamente do teletraballo, **expón as persoas a riscos**:

- **Ergonómicos**, provocados por condicións de traballo non controladas, como equipos de traballo inapropiados, condicións ambientais inadecuadas, etc.
- **Psicosociais**, asociados ás novas formas de traballo en illamento, medios técnicos inadecuados, falta de formación específica no uso das aplicacións informáticas, etc.

Todos eles poden derivar en danos para a saúde, como lesións musculoesqueléticas, procesos de ansiedade, depresión por estrés laboral e esgotamento psíquico.

O uso obrigado da máscara ou a necesidade de EPI pode orixinar fatiga ou outros riscos asociados ao seu uso continuado. Ademais, os EPI poden provocar un distanciamento físico e psicolóxico dos compañeiros de traballo e dos pacientes, xerando sentimentos de illamento.

As normas e protocolos de seguridade e saúde laboral fronte ao coronavirus (uso de pantallas faciais, protocolos de desinfección, normas en espazos compartidos, etc.), poden aumentar os niveis de estrés e provocar reaccións de ansiedade ou incluso accidentes.

RISCOS DERIVADOS DA PROPIA SITUACIÓN DE CRISE SANITARIA

Os factores de risco psicosocial ligados á pandemia teñen a súa orixe en aspectos relacionados co deseño e a xestión do traballo, coa carga de traballo, coa rapidez na resposta e a necesidade de afrontar situacións cambiantes e descoñecidas que poden chegar a causar un dano psicolóxico ou físico na saúde da poboación traballadora.

O medo ao contaxio e a inseguridade laboral poden ocasionar ademais dunha baixa motivación, un deficiente cumprimento das medidas preventivas ou provocar que non se comuniquen á empresa problemas de seguridade e saúde laboral. A situación da pandemia tamén pode orixinar situacións de violencia e agresividade nas relacións entre persoas.

Estes factores están a incidir especialmente nos colectivos sanitario e sociosanitario e noutros considerados tamén como esenciais (alimentación, transporte, seguridade e protección da poboación, etc.).



REFLEXIÓNS E MENSAXES CLAVE PARA O FUTURO DA PRL

- A crise sanitaria provocou a **necesidade de recorrer á prevención** como principal medio para minimizar o risco de transmisión do virus, xunto coa detección precoz de casos e seguimento dos contactos, ao non existir profilaxe nin tratamento eficaz para a COVID-19.
- O instrumento fundamental para facer fronte ás crises sanitarias no ámbito laboral debe ser a **organización preventiva** de cada empresa.
Faise necesario **fortalecer os servizos de prevención de riscos laborais** dotándoos de máis medios humanos e materiais e apostar por unha maior especialización.
- As **disciplinas de Hixiene Industrial e da Medicina do Traballo**, dirixidas á prevención e control das enfermidades derivadas do traballo, **amósanse como cruciais** para o control de posibles epidemias ou pandemias no eido laboral e deben ser reforzadas.
- Cómpre mellorar a **coordinación entre administracións para afrontar a prevención dun xeito integral**, en especial as competentes en material laboral, sanitaria e de industria e contando co Issga, órgano técnico especializado en materia de prevención de riscos laborais da administración galega, como referencia.
- É necesario continuar coa **colaboración existente entre organismos de referencia especializados na prevención de riscos laborais**, principalmente co Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo e institutos autonómicos.
- Reforzar a **coordinación entre os servizos sanitarios dos SPRL coa autoridade sanitaria**, mediante canles efectivas e áxiles no marco da saúde laboral e da vixilancia epidemiolóxica, é fundamental para impulsar actuacións concretas nas empresas e previr as enfermidades derivadas do traballo.

- A modalidade de **teletraballo** provocada pola pandemia asentouse como unha **forma de traballo ordinaria** que implica:
 - Proporcionar información e formación sobre os riscos de seguridade e de saúde laboral e sobre as medidas preventivas específicas a implantar.
 - Elaborar novos procedementos técnicos, definir novos canais de comunicación, propiciar a participación do persoal traballador e establecer “feedback” con eles para reforzar o apoio emocional e o contacto interpersoal e así evitar o illamento.
 - A necesidade de adaptar a metodoloxía de avaliación de riscos laborais a unha actividade que se desenvolve no domicilio.
- Débese **apoiar o persoal autónomo**, carente dun sistema de organización preventiva, e ás súas organizacións no ámbito laboral, para afrontar situacións de crise sanitaria proporcionando asesoramento técnico, información e sensibilización sobre as medidas preventivas a implementar.
- É moi importante **fortalecer o liderado empresarial** nas situacións de crise para manter a viabilidade da empresa sen descoidar a protección da seguridade e saúde laboral das persoas traballadoras.
- O **impulso de programas de promoción da saúde no traballo** nas empresas contribuirá a mellorar a saúde da poboación traballadora, o clima laboral, a motivación, etc. e permitirá afrontar en condicións máis favorables as crises sanitarias.
- Unha **comunicación fluída**, veraz e contrastada no seo das empresas e centros de traballo, especialmente en contextos socioeconómicos propicios á desinformación, será básica para garantir unha protección adecuada da poboación traballadora.
- Débese combater a infradeclaración dos accidentes de traballo por COVID-19 e acadar o seu **recoñecemento como enfermidade profesional** aos colectivos expostos profesionalmente.
- É conveniente realizar unha **análise dos efectos da crise sanitaria provocada pola COVID-19** na sinistralidade laboral e da posible influencia da pandemia nos índices de incidencia.

BIBLIOGRAFÍA

- **Procedemento de actuación para os servizos de prevención de riscos laborais fronte á exposición ao novo coronavirus (SARS- COV-2). Ministerio de Sanidade.**
- **Información científico-técnica, enfermidade por coronavirus, COVID-19. Actualización, 15 de xaneiro 2021. Ministerio de Sanidade.**
- **Actualización do procedemento de actuación na incapacidade temporal na atención primaria fronte á exposición ao novo coronavirus en Galicia. Consellería de Sanidade. SERGAS:**

https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Documents/160/Actualizacion_IT.pdf

- **Xestión dos riscos psicosociais relacionados co traballo durante a pandemia de COVID-19. Organización Internacional do Traballo:**

https://www.ilo.org/global/topics/safety-and-health-at-work/resources-library/publications/WCMS_763314/lang--es/index.htm

- **Fronte á pandemia: Garantir a Seguridade e Saúde no Traballo. Organización Internacional do Traballo:**

https://www.ilo.org/wcmsp5/groups/public/---ed_protect/---protrav/---safework/documents/publication/wcms_742732.pdf

- **Liderado empresarial durante a crise da COVID-19. Organización Internacional do Traballo:**

https://www.ilo.org/wcmsp5/groups/public/---ed_dialogue/---act_emp/documents/publication/wcms_766963.pdf



**DOG**Diario Oficial
de Galicia

NORMATIVA APLICABLE

- Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. BOE núm. 282 do 25 de outubro de 2020.
- Real decreto lei 28/2020, de 22 de setembro, de traballo a distancia. BOE núm. 253 do 23 de setembro de 2020.
- Real decreto lei 3/2021, de 2 de febreiro, polo que se adoptan medidas para a redución da brecha de xénero e outras materias nos ámbitos da Seguridade Social e económico. BOE núm. 29 do 2 de febreiro de 2021.
- Orde TES/1180/2020, do 4 de decembro, pola que se adapta en función do progreso técnico o Real Decreto 664/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo. BOE núm. 322 do 10 de decembro de 2020.
- Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral. DOG. Núm. 221 do 15 de novembro de 2007.
- Decreto 165/2014, do 11 de decembro, polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral. DOG núm. 1 do 2 de xaneiro de 2015.
- Decreto 215/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade. DOG núm. 253, 17 de decembro de 2020.
- Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-. DOG 38-bis do 25 de febreiro de 2021.
- Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. DOG 38-bis do 25 de febreiro de 2021.

LEMBRA

- A unidade de referencia COVID-19 constitúese como órgano de carácter transitorio para **canalizar e difundir as actuacións** do Issga ante a emerxencia sanitaria derivada da COVID-19.
- Ten como obxectivo **asesorar** tecnicamente, **dar apoio** e **ser referencia** no eido da prevención de riscos laborais por mor da pandemia en Galicia en coordinación coa autoridade sanitaria.
- É unha unidade interna do Issga que **se conforma con persoal das áreas técnicas de Hixiene Industrial e Medicina do Traballo e conta co apoio das áreas de Ergonomía e Psicosocioloxía aplicadas, Seguridade no Traballo e Formación, Divulgación e Documentación.**
- Os **beneficiarios desta unidade** son os interlocutores sociais, os servizos de prevención de riscos laborais, as asociacións profesionais, as empresas, o emprego autónomo e as administracións públicas.

ENDEREZOS DE INTERESE

-Issga. CORONAVIRUS COVID-19:

http://issga.xunta.gal/portal/contido/actividade/Coronavirus_Covid_19.html

-Consellería de Sanidade. Xunta de Galicia:

<https://coronavirus.sergas.es/>

-Ministerio de Sanidade:

<https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov/home.htm>

-Ministerio de Industria, Comercio e Turismo:

<https://www.mincotur.gob.es/es-es/COVID-19/Paginas/guias-para-fabricacion-de-mascarillas-y-ropa-de-proteccion.aspx>




DE REFERENCIA
COVID.19 - iSSGA

